

# **CUENTAS ANUALES**

---

## **EJERCICIO 2016**

- BALANCE
- CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS
- MEMORIA

---

## **FEDERACION AUTISMO GALICIA**

**CIF: G15549306**

CL HOME SANTO DE BONABAL 74  
15703 SANTIAGO COMPOSTELA

**BALANCE DE SITUACION DE PYMESFL DO EXERCICIO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2016**  
**Federación Autismo Galicia**  
(en euros)

Números de contas	ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	2016	2015
	<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>		<b>280.222,25 €</b>	<b>296.664,18 €</b>
20,(280),(290)	<b>I. Inmobiliado intanxible</b>	5	522,39 €	973,09 €
24,(299)	<b>II. Bens do Patrimonio Histórico</b>		- €	- €
21,(281),(2831),(291),23	<b>III. Inmobiliado material</b>	5	279.699,86 €	295.691,09 €
22,(282),(2832),(292)	<b>IV. Inversións inmobiliarias</b>		- €	- €
2503,2504,2513,2514,2523, 2524,(2593),(2594),(2933),(2934), (2943),(2944),(2953),(2954)	<b>V. Inversións en entidades do grupo e asociadas a longo prazo</b>		- €	- €
2505,2515,2525,(2595),260,261,262, 263,264,265,268,(269),27,(2935), (2945),(2955),(296),(297),(298)	<b>VI. Inversións financeiras a longo prazo</b>		- €	- €
474	<b>VII. Activos por Impuesto diferido</b>		- €	- €
	<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>206.346,31 €</b>	<b>161.138,37 €</b>
30,31,32,33,34,35,36,(39),407 447,448,(495)	<b>I. Existencias</b>		1.176,80 €	1.857,00 €
430,431,432,433,434,435,436,(437), (490),(493),440,441,446,449,460, 464,470,471,472,544,558	<b>II. Usuarios e outros debedores da actividade propia</b>	6	37.820,01 €	43.212,34 €
5303,5304,5313,5314,5323,5324, 5333,5334,5343,5344,5353,5354, (5393),(5394),5523,5524,(5933), (5934),(5943),(5944),(5953),(5954)	<b>III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar</b>	8 - 11.3	87.368,09 €	81.732,12 €
5305,5315,5325,5335,5345,5355, (5395),540,541,542,543,545,546, 547,548,(549),551,5525,5590,565, 566,(5935),(5945),(5955),(596),(597),(598)	<b>IV. Inversións en entidades do grupo e asociadas a curto prazo</b>		- €	- €
480,567	<b>V. Inversións financeiras a curto prazo</b>	8	150,00 €	- €
57	<b>VI. Periodificacións a curto prazo</b>	8	201,57 €	202,31 €
	<b>VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes</b>	8	79.629,84 €	34.134,60 €
	<b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>		<b>486.568,56 €</b>	<b>457.802,55 €</b>

Números de contas	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	2016	2015
	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>340.307,83 €</b>	<b>346.640,17 €</b>
	<b>A-1) Fondos propios</b>	10	42.820,47 €	33.429,73 €
	<b>I. Dotación fundacional/Fondo social</b>		24.612,04 €	24.612,04 €
100,101 (103),(104)	1. Dotación fundacional/Fondo social		24.612,04 €	24.612,04 €
	2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido)		- €	- €
11	<b>II. Reservas</b>		27.148,26 €	27.148,26 €
120,(121)	<b>III. Excedentes de exercicios anteriores</b>		- 18.330,57 €	- 27.703,09 €
129	<b>IV. Excedente del ejercicio</b>	3	9.390,74 €	9.372,52 €
13	<b>A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos</b>	13	297.487,36 €	313.210,44 €
	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>		<b>- €</b>	<b>- €</b>
14	<b>I. Provisións a longo prazo</b>		- €	- €
	<b>II. Deudas a largo prazo</b>		- €	- €
1605,17	1. Débedas con entidades de crédito		- €	- €
1625,174	2. Acredores por arrendamento financeiro		- €	- €
1615,1635,171,172,173,175,176, 177,179,180,185	3. Outras débedas a longo prazo		- €	- €
1603,1604,1613,1614,1623,1624, 1633,1634	<b>III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo</b>		- €	- €
479	<b>IV. Pasivos por imposto diferido</b>		- €	- €
181	<b>V. Periodificacións a longo prazo</b>		- €	- €
	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		<b>146.260,73 €</b>	<b>111.162,38 €</b>
499,529	<b>I. Provisións a curto prazo</b>		- €	- €
	<b>II. Débedas a curto prazo</b>	9	116.124,98 €	102.346,31 €
5105,520,527	1. Débedas con entidades de crédito.		29.107,33 €	- €
5125,524	2. Acredores por arrendamento financeiro.		- €	- €
50,5115,5135,5145,521,522,523, 525,528,551,5525,555,5565,5566, 5595,560,561	3. Outras débedas a curto prazo.	9 - 13	87.017,65 €	102.346,31 €
5103,5104,5113,5114,5123,5124, 5133,5134,5143,5144,5523,5524, 5563,5564	<b>III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo.</b>		- €	- €
412	<b>IV. Beneficiarios-acreedores.</b>	7	- €	- €
	<b>V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.</b>	9	30.135,75 €	8.816,07 €
400,401,403,404,405,(406)	1. Provedores.		- €	26,47 €
410,411,419,438,465,475,476,477	2. Outros acredores.		30.135,75 €	8.789,60 €
485,568	<b>VI. Periodificacións a curto prazo.</b>		- €	- €
	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)</b>		<b>486.568,56 €</b>	<b>457.802,55 €</b>

Formulan as presentes contas anuais compostas de Balance, Conta de Resultados e Memoria en Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2017 a Xunta Directiva.

**CONTA DE RESULTADOS DE PYMESFL DO EXERCICIO ANUAL  
TERMINADO O 31 DE DICIEMBRO DE 2016  
Federación Autismo Galicia  
(en euros)**

NÚMEROS DE CONTAS	Nota da memoria	(Debe) Haber	
		2016	2015
	<b>A) Excedente do exercicio</b>	<b>9.390,74 €</b>	<b>9.372,52 €</b>
	<b>1. Ingresos da entidade pola actividade propia.</b>	<b>334.287,05 €</b>	<b>281.903,28 €</b>
720	a) Cotas de asociados e afiliados	3.120,00 €	2.860,00 €
721	b) Aportacións de usuarios	18.206,08 €	15.462,08 €
722,723	c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións.	32.897,56 €	30.246,34 €
740,747,748	d) Subvencións, doazóns e legados imputados a resultados do exercicio	280.063,41 €	233.334,86 €
728	e) Reintegro de axudas	- €	- €
700,701,702,703,704,705,(706),(708),(709)	<b>2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil</b>	<b>1.346,15 €</b>	<b>1.157,02 €</b>
(650)	<b>3. Axudas monetarias e outros</b>	<b>- 2.332,09 €</b>	<b>- 1.540,43 €</b>
(651)	a) Axudas monetarias	- €	- 100,00 €
(653),(654)	b) Axudas non monetarias	- 699,42 €	- €
(658)	c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	- 774,82 €	- 1.212,39 €
(6930),71*,7930	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	- 857,85 €	- 228,04 €
73	<b>4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación</b>	- €	- €
(600),(601),(602),606,(607),608,609,61*,(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	<b>5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo</b>	- €	- €
740,747,75,778	<b>6. Aprovisionamentos</b>	<b>- 50.826,36 €</b>	<b>- 43.591,74 €</b>
(64)	<b>7. Outros ingresos da actividade</b>	<b>170,33 €</b>	<b>0,01 €</b>
(62),(631),(634),636,639,(655),(656),(659),(694),(695),(678),794,7954	<b>8. Gastos de persoal</b>	<b>- 208.491,91 €</b>	<b>- 168.653,74 €</b>
(68)	<b>9. Outros gastos da actividade</b>	<b>- 62.270,66 €</b>	<b>- 57.762,95 €</b>
745,746	<b>10. Amortización do inmovilizado</b>	<b>- 16.581,81 €</b>	<b>- 15.503,91 €</b>
7951,7952,7955	<b>11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ó resultado do exercicio</b>	<b>15.862,96 €</b>	<b>14.550,98 €</b>
(670),(671),(672),(690),(691),(692),770,771,772,790,791,792	<b>12. Excesos de provisiones</b>	- €	- €
	<b>13. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado.</b>	- €	- €
	<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)</b>	<b>11.163,66 €</b>	<b>10.558,52 €</b>
760,761,762,769	<b>14. Ingresos financeiros</b>	- €	- €
(660),(661),(662),(665),(669)	<b>15. Gastos financeiros</b>	<b>- 1.772,92 €</b>	<b>- 1.186,00 €</b>
(663),763	<b>16. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros</b>	- €	- €
(668),768	<b>17. Diferencias de cambio</b>	- €	- €
(666),(667),(673),(675),(696),(697),(698),(699),766,773,775,796,797,798,799	<b>18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros</b>	- €	- €
	<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (14+15+16+17+18)</b>	<b>- 1.772,92 €</b>	<b>- 1.186,00 €</b>
	<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.2+A.3)</b>	<b>9.390,74 €</b>	<b>9.372,52 €</b>
(6300)*,6301*,(633),638	<b>19. Impostos sobre beneficios</b>	- €	- €
	<b>A.4) Variación do patrimonio neto reconecida no excedente do exercicio (A.3+19)</b>	<b>9.390,74 €</b>	<b>9.372,52 €</b>
	<b>B) Ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto**</b>	<b>269.945,82 €</b>	<b>244.880,09 €</b>
	<b>1. Subvencións recibidas</b>	<b>269.106,52 €</b>	<b>231.194,37 €</b>
	<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>	<b>839,30 €</b>	<b>13.685,72 €</b>
	<b>3. Outros ingresos e gastos</b>	- €	- €
	<b>4. Efecto impositivo</b>	- €	- €
	<b>B.1) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos reconecidos directamente no patrimonio neto (1+2+3+4)</b>	<b>269.945,82 €</b>	<b>244.880,09 €</b>
	<b>C) Reclasificacións ó excedente do exercicio</b>	<b>- 285.668,90 €</b>	<b>- 245.745,35 €</b>
	<b>1. Subvencións recibidas</b>	<b>- 276.769,68 €</b>	<b>- 239.451,36 €</b>
	<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>	<b>- 8.899,22 €</b>	<b>- 6.293,99 €</b>
	<b>3. Outros ingresos e gastos</b>	- €	- €
	<b>4. Efecto impositivo</b>	- €	- €
	<b>C.1) Variación do patrimonio neto por reclasificacións ó excedente do exercicio (1+2+3+4)</b>	<b>- 285.668,90 €</b>	<b>- 245.745,35 €</b>
	<b>D) Variacións do patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto (B.1+C.1) **</b>	<b>- 15.723,08 €</b>	<b>- 865,26 €</b>
	<b>E) Axustes por cambios de criterio</b>	- €	- €
	<b>F) Axustes por erros</b>	- €	- €
	<b>G) Variacións na dotación fundacional ou fondo social</b>	- €	- €
	<b>H) Outras variacións</b>	- €	- €
	<b>I) RESULTADO TOTAL, VARIACION DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)</b>	<b>- 6.332,34 €</b>	<b>8.507,26 €</b>

\* O seu signo pode ser positivo ou negativo

\*\* Para calcular este saldo as entidades deberán identificar os aumentos (ingresos e transferencia de pérdidas) e diminucións (gastos e transferencias de ganancias) no patrimonio neto orixinados polas diferentes operacións contabilizadas no subgrupo 13.

Formulan as presentes contas anuais compostas de Balance, Conta de Resultados e Memoria en Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2017 a Xunta Directiva.

**MEMORIA PEMESFL**  
**ASOCIACIÓN FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA**

**2016**

**ÍNDICE**

1. Actividade da entidade
2. Bases de presentación das contas anuais
3. Excedente do exercicio
4. Normas de rexistro e valoración
5. Inmobilizado material, intanxible e inversións inmobiliarios
6. Usuarios e outros debedores da actividade
7. Beneficiarios-Acredores
8. Activos financeiros
9. Pasivos financeiros
10. Fondos propios
11. Situación fiscal
  - 11.1 *Imposto sobre beneficios*
  - 11.2 *Outros tributos*
  - 11.3 *Saldos coas administracións publicas*
12. Ingresos e Gastos
13. Subvencións, doazóns e legados
14. Datos Actividade. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.
  - 14.1 *Actividade da entidade*
  - 14.2 *Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.*
15. Operacións con partes vinculadas.
16. Outra información
17. Información sobre medio ambiente e dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
18. Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición Adicional Terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de xullo.

# ASOCIACIÓN FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

## Memoria Pemes do Exercicio Anual rematado o 31 de Decembro de 2.016

### 1. Actividade da entidade

#### 1.1. Constitución.

A Federación AUTISMO GALICIA constituíuse o 16 de decembro do 1995 en Santiago de Compostela. Foi inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións o 17 de xullo de 1996, correspondéndolle o nº F- 2006, aínda que o seu ámbito de actuación é autonómico.

A Federación figura inscrita, tamén, nos seguintes rexistros:

- *Rexistro Central de Asociacións (Xunta de Galicia):* 2003/000095/2 (02/07/03).
- *Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. (Xunta de Galicia):* S-948 (19/09/96).
- *Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria (Xunta de Galicia):* O 205 (31/01/03).
- *Rexistro de Entidades de Iniciativa Social (Xunta de Galicia):* F 01803 (30/04/04).

A Federación foi declarada de utilidade pública na Orde do Ministerio do Interior do 12 de febreiro de 2003.

O seu domicilio social atópase establecido na Rúa do Home Santo de Bonaval 74 de Santiago de Compostela.

A moeda funcional coa que opera a empresa é o euro. Para a formulación dos estados financeiros en euros seguíronse os criterios establecidos no Plan Xeral Contable tal e como figura no apartado 4. Normas de rexistro e valoración

#### 1.2. Fins da entidade.

A *misión* da Federación AUTISMO GALICIA é mellorar a Calidade de Vida das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e das súas Familias.

Os/as *destinatarios/as dos Servizos* da Federación AUTISMO GALICIA son as Entidades Galegas que desenvolven a súa labor coas Persoas con Trastornos do Espectro Autista e coas súas Familias, e que son membros da Federación.

A Federación AUTISMO GALICIA é o referente en Galicia das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e das súas Familias. É un referente técnico que contribúe ó deseño de políticas de inclusión social, e é un referente informativo que contribúe a visualizar a realidade das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e das súas Familias.

A Federación AUTISMO GALICIA promove o consenso nos obxectivos e liñas de actuación entre as entidades que traballan no ámbito do Autismo en Galicia, as que presta servizos complementarios con estilo que fomenta a participación, a transparencia, a solidariedade e o exercicio democrático.

A Federación basea a súa actuación nos *Principios* de transparencia informativa, de participación, de solidariedade, de igualdade e de democracia interna.

Os *Valores* que a Federación AUTISMO GALICIA defende son:

- Consideración da Persoa con Trastornos do Espectro Autista como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ó resto das persoas.
- Calidade total nas Entidades e servizos.
- Importancia da Familia en tódolos programas orientados á intervención coas Persoas con Trastornos do Espectro Autista.
- Necesidade de colaboración entre profesionais e Familias para un funcionamento eficiente e de calidade das Entidades.

A finalidade da Federación, segundo o artigo 2º dos seus estatutos, é:

Servir de nexo de unión entre as distintas Entidades membro.

Defende-la dignidade e os dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais, laborais, etc. das Persoas con Trastornos do Espectro Autista, en igualdade de oportunidades.

Promove-la integración social, laboral e a normalización das Persoas con Trastornos do Espectro Autista, fomentando actitudes sociais positivas cara o colectivo en Galicia.

d) Desenvolver todo tipo de accións encamiñadas a *mellorar a Calidade de Vida das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e das súas Familias*.

e) Orientar, coordinar e impulsa-lo movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da Federación.

f) Promove-la Formación e a Investigación sobre os Trastornos do Espectro Autista.

Para o cumprimento da finalidade mencionada, segundo o artigo 3º dos seus estatutos realizará as seguintes actividades:

a) Coordinar e realizar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel local, comarcal, de Galicia, do Estado Español, da Unión Europea e doutros organismos públicos e privados, así como de Federacións Estatais ou Internacionais que redunden en beneficio das Entidades membro e no cumprimento dos Fins da Federación.

b) Ser Portavoz das Entidades membro.

c) Crea-las condicións para que as Entidades membro poidan desenvolver servizos e programas que *melloren a Calidade de Vida das Persoas con Trastornos do Espectro Autista e das súas Familias*.

d) Todas aquelas que contribúan á consecución dos Fins da Federación, tales como:

- Promover e realizar iniciativas relacionadas coa investigación dos Trastornos do Espectro Autista.
- Promover e realizar actividades de carácter pedagóxico e de formación, como cursos, xornadas, seminarios, congresos, etc. relacionados cos Fins da Federación.
- Realizar labores de asesoramento ás Persoas con Trastornos do Espectro Autista, ás Familias, ós/ás profesionais, ás Entidades membro e/ou a calquer outro/a interesado/a.
- Promover e realizar accións relacionadas con actividades lúdicas, de ocio, de tempo de lecer e de respiro para as Persoas con Trastornos do Espectro

Autista, para as súas Familias e para toda persoa e/ou Entidades membro da Federación.

- Promover e realizar actividades de difusión, de sensibilización e de información relacionadas cos Fins da Federación.
- Promover e realizar calquer outro tipo de acción ou actividade de cara a consecución dos Fins da Federación AUTISMO GALICIA.

### **1.3. Réxime legal.**

A Asociación réxese pola normativa vixente e imperante en materia de Asociacións, concretamente a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación; Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado; polos seus propios estatutos e pola normativa existente que lle sexa de aplicación..

Con data 19 de xaneiro de 2004, a entidade presentou declaración censal ante a Administración Tributaria comunicando a opción polo réxime fiscal contido na Lei 49/2002.

## **2. Bases de presentación das contas anuais**

O marco normativo de información financeira que resulta de aplicación á entidade é o establecido en:

- Código de Comercio e a restante lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade regulado no R.D. 1514/2007.
- As normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos regulado no R.D. 1491/2011 así como a Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.
- As normas de obrigado cumprimento aprobadas po-lo Instituto de Contabilidade e Auditoría de contas en desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
- O resto da normativa contable que resulte aplicable.

### **2.1. Imaxe fiel.**

- As contas anuais do exercicio 2016 adxuntas foron formuladas pola Xunta Directiva da asociación a partir dos rexistros contables da entidade a 31 de decembro de 2016 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos na normativa contable aplicable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da asociación.
- Non existen razóns excepcionais polas que, para mostra-la imaxe fiel, non foran aplicadas disposicións legais en materia contable.

- As contas anuais adxuntas someteranse á aprobación pola Asemblea Xeral de socios, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.
- As contas anuais do exercicio anterior, foron aprobadas pola Asemblea Xeral, o 25 de xuño de 2016.

## **2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados.**

Non foron aplicados principios contables non obrigatorios.

## **2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.**

A entidade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas empregáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Dirección da Federación para cuantificar algúns deos activos, pasivos, ingresos, gastos ou compromisos que figuran rexistrados nela. Basicamente, estas estimacións refírense a:

- Vida útil dos activos.
- Valoración dos activos cedidos en uso á Federación
- Determinación da non reintegrabilidade das subvencións. A dirección estima cumpridos tódolos requisitos establecidos nas subvencións recibidas.
- Evolución de posibles perdas por insolvencias de usuarios e outro debedores da actividade propia e outras partidas a cobrar.
- Estimacións realizadas para a determinación dos compromisos de pagos futuros.
- A medición dos riscos financeiros ós que se expón a Federación no desenvolvemento da súa actividade.
- Estimación sobre riscos financeiros, derivados da posible perda de subvencións e doazóns privadas e públicas.
- Probabilidade de ocorrencia e o importe dos pasivos indeterminados ou contingentes.

## **2.4. Comparación da información.**

Non existen limitacións a comparación da información contida nos presentes estados financeiros.

A sociedade non está obrigada a auditar as contas anuais dos exercicios 2.016 e 2015. Nos exercicios 2016 e 2015 as contas si foron auditadas.

## **2.5. Elementos recollidos en varias partidas.**

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou máis partidas do balance.



## **2.6. Cambios en criterios contables.**

Durante o exercicio 2016 non se produciron axustes por cambios en criterios contables.

## **2.7. Corrección de erros.**

No exercicio 2016 e 2015 non foron realizadas correccións de erros.

## **3. Excedente do exercicio**

O excedente o exercicio ven determinado principalmente pola seguintes partidas:

- Cotas de usuarios: supoñen o 5,1% dos ingresos da entidade e recollen as achegas realizadas polos usuarios.
- Subvencións, doazóns e legados: supoñen o 79,6% dos ingresos da entidade e recollen as cantidades achegadas polas administracións, entidades e particulares para o desenvolvemento dos fins e os importes traspasados ó exercicio das subvencións e doazóns de capital.
- Ventas e outros ingresos da actividade mercantil: supoñen o 0,3% correspondentes ás vendas de servizos realizados en cumprimento de fins.
- Gasto de persoal: supoñen o 60,9% dos gastos totais da entidade e recollen as cantidades pagadas ós traballadores en virtude de contrato laboral.
- Outros gastos da actividade: supoñen o 18,1% dos gastos totais da entidade e recollen as compras de bens e servizos correntes empregados na actividade.
- Aprovisionamentos: supoñen o 14,8% dos gastos totais da entidade e recollen a compra de materia primas e bens para a actividade propia así como os traballos realizado por outras empresas.
- Amortizacións: supoñen o 4,8% dos gastos totais da entidade e recollen a depreciación sufrida polos bens de inversión.

A proposta de aplicación do resultado por parte da Xunta Directiva no exercicio 2016 e 2015 é a seguinte:

<b>BASE DE REPARTO</b>	<b>2016</b>	<b>2015</b>
Pérdidas y ganancias	9.390,74	9.372,52
<b>Total</b>	<b>9.390,74</b>	<b>9.372,52</b>

  

<b>DISTRIBUCIÓN</b>	<b>2016</b>	<b>2015</b>
A compensación pérdidas de ejercicios anteriores	9.390,74	9.372,52
<b>Total distribuido</b>	<b>9.390,74</b>	<b>9.372,52</b>

Este destino de fondos realizase en cumprimento do artigo 3.2º da Lei 49/2002, polo que as entidades sen fins lucrativos acollidas ó réxime fiscal favorable de dita norma, deben destinalo resto de rendas e ingresos obtidos (unha vez cumprido o requisito do destino a fins de, polo menos, o 70% dun conxunto de rendas e ingresos), a incrementala dotación patrimonial ou as reservas.

A entidade derivado da súa condición xurídica non pode distribuír excedentes entre os seus asociados.

#### **4. Normas de rexistro e valoración**

##### **4.1. Inmovilizado intanxible.**

O inmovilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custe, xa sexa este o prezo de adquisición, o custe de produción ou o valor razoable.

Despois do recoñecemento inicial, o inmovilizado intanxible valorase polo seu custe, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

Para cada inmovilizado intanxible analízase e determínase se a vida útil é definida ou indefinida.

Os activos intanxibles que teñen vida útil definida amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Polo menos ó peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioro, en tal caso estímense os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

A entidade recoñece contablemente calquer perda que puidera producirse no valor rexistrado destes activos con orixe no seu deterioro, utilizándose como contrapartida o

epígrafe “Perdas netas por deterioro” da conta de resultados. No presente exercicio no foron recoñecidas “Perdas netas por deterioro” derivadas dos activos intanxibles.

Non existe ningún inmovilizado intanxible con vida útil indefinida.

a) Aplicacións informáticas

Valóranse ó prezo de adquisición ou custe de produción, incluíndose neste epígrafe os gastos de desenvolvemento das páxinas web. A vida útil destes elementos estímase en 4 anos

As reparacións que non representan unha ampliación da vida útil e os custes de mantemento son cargados na conta de resultados no exercicio en que se producen.

b) Bens en cesión de uso

Valóranse polo seu valor razoable. Para elo empregáronse as técnicas de valoración aplicables ás inversións inmobiliarias, isto é, o valor do dereito de uso virá a ser o valor actual dos arrendamentos que pagaría a entidade se fose arrendataria dos inmobles.

c) Deterioro de valor de inmovilizado intanxible

Ó peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a entidade revisa os importes en libros dos seus activos intanxibles para determinar se existen indicios de que ditos activos teñan sufrido unha perda por deterioro de valor. Se existe calquer indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbera).

O importe recuperable é o valor superior entre o valor razoable menos o custe de venda e o valor en uso.

Se se estimara que o importe recuperable dun activo é inferior ó seu importe en libros, o importe en libros do activo redúcese ó seu importe recuperable. Para elo recoñécese o importe da perda por deterioro de valor como gasto e se distribúe entre os activos que forman a unidade, reducindo en primeiro lugar o fondo de comercio, se existira, e, a continuación, o resto dos activos da unidade rateados en función do seu importe en libros.

Cando unha perda por deterioro de valor reverte posteriormente, o importe en libros do activo incrementase a estimación revisada do seu importe recuperable, pero de tal modo que o importe en libros incrementado non supere o importe en libros que se houbera determinado de non terse recoñecido ningunha perda por deterioro de valor para o activo en exercicios anteriores. Inmediatamente recoñécese unha reversión dunha perda por deterioro de valor como ingreso.

No exercicio 2016 a entidade non rexistrou perdas por deterioro do inmovilizado intanxible.

## **4.2. Inmobilizado material.**

A entidade recoñecerá un ben como non xerador de fluxos de efectivo cando se destine ás actividades da entidade polas cales a asociación non obteña un ingreso a través da entrega de bens ou prestación de servizos.

O inmovilizado material valórase ó seu prezo de adquisición ou ó seu custe de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquer desconto ou rebaixa no prezo, tódolos gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derribo, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares. A entidade inclúe no custe do inmovilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venta, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte, tamén, do valor do inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ó activo, tales como custes de rehabilitación, cando estas obrigas dan lugar ó rexistro de provisións.

A entidade non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por elo non foi contabilizado nos activos valores para a cobertura de tales obrigas de futuro.

Se rexistra a perda por deterioro do valor dun elemento do inmovilizado material cando o seu valor neto contable supere o seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venta e o seu valor en uso.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola entidade, se cargarán nas contas de gastos que correspondan. Os custes de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alargamento da vida útil dos bens, son incorporados ó activo como maior valor do mesmo. As contas do inmovilizado material en curso, se cargan polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Sociedade para si mesma.

Nos arrendamentos financeiros se contabilizan ó activo de acordo coa súa natureza, e un pasivo financeiro polo mesmo importe, que é o menor entre o valor razoable do activo arrendado e o valor actual ó inicio do arrendamento dos pagos mínimos acordados.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase, dende o momento no que estean dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, estimando un valor residual nulo.

## **4.3. Arrendamentos.**

Os arrendamentos se clasifican como arrendamentos financeiros sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transfiren ó arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos se clasifican como arrendamentos operativos.

Os activos adquiridos pola entidade mediante arrendamento financeiro son rexistrados de acordo coa súa natureza, polo menor entre o valor razoable do activo e o valor actual ó inicio do arrendamento dos pagos mínimos acordados, contabilizándose un

pasivo financeiro polo mesmo importe. Os pagos polo arrendamento se distribúen entre os gastos financeiros e a redución do pasivo. Os activos se lles aplican os mesmos criterios de amortización, deterioro e baixa que ó resto de activos da súa natureza.

Os pagos por arrendamentos operativos se rexistran como gastos na conta de resultados cando se devengan.

#### **4.4. Créditos e débitos pola actividade propia.**

As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados ou outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinan un dereito de cobro que se contabiliza polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito se rexistra como un ingreso financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custe amortizado.

Non se concederon préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de interese cero ou por debaixo do interese de mercado.

Ó peche do exercicio se efectúan as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que foi producido un deterioro de valor nestes activos. A tal efecto aplica o criterio do custe amortizado.

As axudas e outras asignacións concedidas pola entidade ós seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, orixinan o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do débito se contabiliza como un gasto financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custe amortizado.

Se a concesión da axuda é plurianual, o pasivo se rexistra polo valor actual do importe comprometido en firme de forma irrevogable e incondicional. Aplícase este mesmo criterio naqueles casos nos que a prolongación da axuda non estea sometida a avaliacións periódicas, se non ó mero cumprimento de trámites formais ou administrativos.

#### **4.5. Instrumentos financeiros.**

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Considéranse, por tanto instrumentos financeiros, os seguintes:

##### **a) Activos financeiros:**

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais –clientes e debedores varios- e da actividade propia -usuarios e debedores varios-;
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos.

- Instrumentos de patrimonio doutras entidades adquiridos: accións, participacións en institucións de inversión colectiva e outros instrumentos de patrimonio.
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ó persoal e fianzas e depósitos constituídos.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais –provedores e acredores varios- e da actividade propia –beneficiarios acredores-;
- Débedas con entidades de crédito.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou entidades que non sexan entidades de crédito e fianzas e depósitos recibidos.

4.5.1. Inversións financeiras a longo e curto prazo

- Préstamos e partidas a cobrar: se rexistran ó seu custe amortizado, correspondendo ó efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os intereses devengados non cobrados no caso dos préstamos, e ó valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar.

4.5.2. Efectivo e outros medios líquidos equivalentes

Baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outras inversións a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

4.5.3. Pasivos financeiros

Os préstamos, obrigas e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custes incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas a pagar na liquidación ó reembolso e os custes de transacción, se contabilizan na conta de resultados segundo o criterio do devengo utilizando o método do interese efectivo. O importe devengado e non liquidado engádese ó importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Os ingresos e gastos se contabilizan na conta de resultados segundo o criterio do devengo utilizando o método do interese efectivo.

Ó peche do exercicio a entidade realiza un test de deterioro para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioro se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ó seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro deste deterioro se rexistra na conta de resultados.

En particular, e respecto ás correccións valorativas relativas ós debedores comerciais e outras contas a cobrar, o criterio usado pola entidade para calcular as correspondentes correccións valorativas, se as houbera, ten en conta os vencementos de ditas débedas e a situación patrimonial específica de ditos debedores.

A entidade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou sexan cedidos os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e fora transferido substancialmente os riscos e beneficios inherentes a súa propiedade, tales como en vendas en firme de activos.

A entidade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigas que os xeraron.

#### **4.6. Impostos sobre beneficios.**

O gasto por imposto corrente se determina mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente se determina aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén pagadeiros ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravamen ó que se espera recuperalos ou liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impositibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para tódalas diferenzas temporarias impositibles, salvo que a diferenza temporaria se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio o do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ó resultado fiscal nin contable.

Polo súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, solo se recoñecen no caso de que se considere probable que a entidade vai ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que non afecta nin ó resultado fiscal nin ó resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositibles negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a entidade vaia ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable, se revisan os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto e o ingreso por imposto diferido se corresponde co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de resultados do ingreso directamente imputado ó patrimonio neto que poida resultar da contabilización daquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

O réxime fiscal de Imposto sobre Sociedades aplicado á Asociación se deriva da aplicación do Título II da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado e do seu desenvolvemento regulamentario exposto no Real Decreto 1270/2003 de 10 de outubro, do Ministerio de Facenda, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

#### **4.7. Ingresos e gastos.**

Os ingresos e gastos se imputan en función do criterio do devengo con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

No obstante, a entidade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, se contabilizan tan pronto son coñecidos.

Os ingresos pola venta de bens ou servizos recoñécense por importe acordado da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos, as cotas de usuarios ou afiliados recoñeceranse como ingresos no período ó que correspondan, os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboradores recoñeceranse cando as campañas e actos se produzan. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ó nominal dos créditos, se rexistran como una minoración dos mesmos.

A determinación dos ingresos se efectúa segundo o grado de realización dos servizos. Derivado da natureza da actividade da entidade, o 100% dos ingresos da entidade se corresponden a servizos prestados no mesmo mes do seu devengo.

Os gastos de carácter plurianual se contabilizarán na conta de resultados do exercicio no que se aprobe a súa concesión con abono a una conta de pasivo, polo valor actual do compromiso adquirido.

#### **4.8. Provisións e continxencias.**

As obrigas existentes á data do balance de situación xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse danos patrimoniais para a entidade cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados se rexistran no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probable que se estima que a entidade terá que desembolsar para cancelar a obriga.

A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obriga, non supón unha minoración do importe da débeda, sen perxuízo do recoñecemento no activo da entidade do correspondente dereito de cobro, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexistrándose dito activo por un importe non superior da obriga rexistrada contablemente.

#### **4.9. Subvencións, doazóns e legados.**

As subvencións non reintegrables se contabilizarán, con carácter xeral, directamente no patrimonio neto para a súa posterior reclasificación no excedente do exercicio como ingresos sobre una base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados da subvención, doazón ou legado.



As subvencións reintegrables recoñeceranse como pasivos no momento en que se notifique á entidade o acordo individualizado de concesión e ata o momento en que adquiren a consideración de non reintegrables.

A estes efectos, se considerarán non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión da subvención, doazón ou legado a favor da entidade, foran cumpridas as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción.

En particular, para entender cumpridas as citadas condicións se aplicarán os seguintes criterios:

a) As obtidas para adquirir un activo só se cualificarán de non reintegrables cando se teña adquirido o correspondente activo.

Se as condicións do outorgamento esixen manter a inversión durante un determinado número de anos, se considerarán non reintegrables cando ó peche do exercicio se tivera realizado a inversión e non existan dúbidas razoables de que se manterá no período fixado nos termos da concesión.

b) As obtidas para a construción, mellora, renovación ou ampliación dun activo, se as condicións do outorgamento esixen a finalización da obra e a súa posta en condicións de funcionamento, se considerarán non reintegrables cando ó peche do exercicio foran executadas as actuacións, total ou parcialmente.

No suposto de execución parcial, a subvención se cualificará como non reintegrable en proporción á obra executada, sempre que non existan dúbidas razoables de que concluirá a construción do activo ou a execución das actuacións de mellora, renovación ou ampliación segundo as condicións establecidas no acordo de concesión.

c) As obtidas para financiar gastos específicos de execución plurianual, se as condicións do outorgamento esixen a finalización do plan de actuación e a xustificación de que foran realizadas as correspondentes actividades, se considerarán non reintegrables cando ó peche do exercicio foran executadas as actuacións, total ou parcialmente.

No suposto de execución parcial, o importe recibido cualificarase como non reintegrable en proporción ó gasto executado, sempre que non existan dúbidas razoables de que se concluirá nos termos fixados nas condicións do outorgamento.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario se valorarán polo valor razoable do importe concedido.

As subvencións, doazóns e legados de carácter non monetario ou en especie se valorarán polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que poida determinarse de maneira fiable.

Cando as subvencións, doazóns ou legados se obteñan para financiar gastos específicos se imputarán como ingresos no mesmo exercicio no que se devenguen os gastos que estean financiando.

Cando as subvencións, doazóns ou legados se obteñan para adquirir activos do inmovilizado intanxible ou material se imputarán como ingresos do exercicio en proporción á

dotación á amortización efectuada nese período para os citados elementos, ou no seu caso, cando se produza o seu alleamento, corrección valorativa por deterioro, ou baixa en balance.

Respecto ás subvencións de capital asociadas ás cesións de uso, a asociación recoñecerá un inmovilizado intanxible polo importe do valor razoable atribuíble ó dereito de uso cedido. Asemade, rexistrará un ingreso directamente no patrimonio neto, que se reclasificará ó excedente do exercicio en proporción á amortización do activo cedido.

#### **4.10. Existencias**

As existencias, corresponden a materiais de oficina na súa totalidade. Están valoradas polo prezo de adquisición dos bens no momento da compra, e faise un seguimento individualizado das entradas e saídas. Non se recolle ningunha corrección valorativa.

#### **4.11. Gastos de personal**

A Asociación recoñece o custe agardado da participación en ganancias ou dos plans de incentivos a traballadores cando existe unha obriga presente, legal ou implícita como consecuencia de sucesos pasados e pódese realizar unha estimación fiable do valor da obriga.

As indemnizacións por despido recoñécense no momento en que existe un plan formal detallado e foron xeradas unhas expectativas válidas entre o persoal afectado de que vansen a producir as rescisións das relacións laborais, xa sexa por ter comezado a executar o plan ou por ter anunciado as súas principais características.

#### **4.12. Operacións vinculadas**

No suposto de existir, as operacións entre entidades do mesmo grupo, con independencia do grado de vinculación, se contabilizan de acordo coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións que se realizan se contabilizan no momento inicial polo seu valor razoable. A valoración posterior se realiza de acordo co previsto nas normas particulares para as contas que corresponda.

Esta norma de valoración afecta ás partes vinculadas que se explicitan na Norma de rexistro e valoración 22ª do Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos. Neste sentido:

- Entenderase que unha empresa forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por una relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do Código de Comercio, ou cando as empresas estean controladas por calquer medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou estean baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.

- Entenderase que unha empresa é asociada cando, sen que se trate dunha empresa do grupo no sentido sinalado, a empresa ou as persoas físicas dominantes, exerzan sobre esa empresa asociada unha influencia significativa, tal como se desenvolve detidamente na citada Norma de rexistro e valoración 22ª.

- Unha parte se considera vinculada a outra cando unha delas exerce ou ten a posibilidade de exercer directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou partícipes, o control sobre outra ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación da outra.

## 5. Inmovilizado material, intangible e inversións inmobiliarias

Análise das partidas do activo inmovilizado intangible e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor (importes en euros) en 2016 e 2015:

<b>Movimiento del inmovilizado intangible</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
SALDO INICIAL BRUTO	70.335,51	68.989,76
(+) Entradas		1.365,75
(+) Correcciones de valor por actualización		
(-) Salidas		
SALDO FINAL BRUTO	70.355,51	70.355,51

<b>Movimientos amortización inmovilizado intangible</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
SALDO INICIAL BRUTO	69.382,42	68.989,76
(+) Aumento por dotaciones	450,70	392,66
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos		
(-) Disminuciones por salidas, bajas y traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	69.833,12	69.382,42

<b>Valor neto contable</b>	522,39	973,09
----------------------------	--------	--------

Análise das partidas do activo inmovilizado material e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor (importes en euros) en 2016 e 2015:

<b>Movimientos del inmovilizado material</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
SALDO INICIAL BRUTO	524.946,64	516.756,27
(+) Entradas	139,88	12.319,97
(+) Correcciones de valor por actualización		
(-) Salidas		4.129,60
SALDO FINAL BRUTO	525.086,52	524.946,64

<b>Movimientos amortización del inmov. material</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
SALDO INICIAL BRUTO	229.255,55	218.273,90
(+) Aumento por dotaciones	16.131,11	15.111,25
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos		
(-) Disminuciones por salidas, bajas y traspasos		4.129,60
SALDO FINAL BRUTO	245.386,66	229.255,55

<b>Valor neto contable</b>	279.699,86	298.482,37
----------------------------	------------	------------

A amortización realízase de maneira lineal sendo os coeficientes de amortización aplicados os seguintes:

Elemento	% amortización	Período
Programas informáticos	33 %	Máximo 36 meses
Construcións e edificios	2 %	Máximo 600 meses
Instalacións técnicas	15 %	Máximo 80 meses
Mobiliario	10 %	Máximo 120 meses
Equipos informáticos	25 %	Máximo 48 meses
Outro inmovilizado material	12-15 %	Máximo 100-120 meses

A entidade non capitalizou gastos financeiros nos exercicios 2016 e 2015.

- Existe inmovilizado material totalmente amortizado a 31 de decembro de 2016 segundo o seguinte detalle:

Concepto	2016	2015
Aplicacións informáticas	68.989,76	68.989,76
Instalacións	3.463,45	3.463,45
Mobiliario	19.114,44	9.433,72
Equipos proceso informático	79.038,00	78.223,21
Outro inmovilizado	12.674,25	2.781,25
<b>TOTAL</b>	<b>183.279,90</b>	<b>162.891,39</b>

- A política da entidade é formalizar pólizas de seguros para cubri-los posibles riscos a que están suxeitos os diversos elementos do seu inmovilizado material. A administración revisa anualmente, ou cando algunha circunstancia o fai necesario, as coberturas e os riscos cubertos, e acórdanse os importes que razoablemente se deben cubrir para o ano seguinte.
- A entidade non realizou correccións valorativas dos bens de inmovilizado intanxible.
- A entidade non dispón de inversións inmobiliarias.
- Arredamento financeiros e outras operacións de natureza similar: non existen.
- Inmobles ou ben cedidos a ou pola entidade: non existen.

## 6. Usuarios e outros debedores da actividade

O movemento da partida B.II do activo do balance “Usuarios e outros debedores da actividade propia” reflíctense nas seguintes táboas:

Movementos usuarios, debedores	Importe 2016	Importe 2015
SALDO INICIAL BRUTO	0,00	0,00
(+) Entradas	18.206,08	15.462,08
(-) Saídas	18.206,08	15.462,08
SALDO FINAL BRUTO	0,00	0,00

<b>Movimiento afiliados</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
SALDO INICIAL BRUTO	0,00	520,00
(+) Entradas	3.120,00	2.860,00
(-) Saídas	3.120,00	3.380,00
SALDO FINAL BRUTO	0,00	0,00

<b>Movimiento outros debedores</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
SALDO INICIAL BRUTO	43.212,34	10.160,00
(+) Entradas	53.268,78	79.795,12
(-) Saídas	58.661,11	46.742,78
SALDO FINAL BRUTO	37.820,01	43.212,34

Os usuarios e outros debedores non proceden de entidades do grupo, multigrupo ou asociadas.

## 7. Beneficiarios-Acredores

O movemento da partida C.IV do pasivo do balance “Beneficiarios-Acredores” reflíctese na seguinte táboa:

<b>Movimiento beneficiarios - acredores</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
SALDO INICIAL BRUTO	0,00	0,00
(+) Entradas	0,00	100,00
(-) Saídas	0,00	100,00
SALDO FINAL BRUTO	0,00	0,00

Os beneficiarios e ou acredores non proceden de entidades do grupo, multigrupo ou asociadas.

## 8. Activos financeiros

1. A continuación mostrase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros non correntes sinaladas na norma de rexistro e valoración novena, sen incluírse as inversións en patrimonio de entidades do grupo, multigrupo e asociadas: non existen.
2. Non existen correccións por deterioro de valor orixinadas por risco de crédito.
3. Valor razoable e variacións no valor de activos financeiros valorados a valor razoable:
  - a) O valor razoable determínase na súa totalidade tomando como referencia os prezos cotizados ne mercados activos.
  - b) Infórmase o valor razoable por categorías de activos financeiros así como as variacións no valor rexistradas na conta de perdas e ganancias, así como as consignadas directamente ó patrimonio neto: non existen.
  - c) A entidade non ten instrumentos financeiros derivados a 31 de decembro de 2016.
4. A entidade non forma parte de ningún grupo de sociedades.

## 9. Pasivos financeiros

### 1. Vencemento das débedas ó peche de exercicio 2016:

	Vencimiento en años						TOTAL
	2017	2018	2019	2020	2021	Más de 5	
<b>Deudores a corto plazo</b>	<b>116.124,98 €</b>	- €	- €	- €	- €	- €	<b>116.124,98 €</b>
Deudas con entidades de crédito	29.107,33						29.107,33 €
Otras deudas a corto plazo	87.017,65						87.017,65 €
<b>Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar</b>	<b>20.276,77 €</b>	- €	- €	- €	- €	- €	<b>20.276,77 €</b>
Proveedores							- €
Otros acreedores	20.276,77						20.276,77 €
<b>TOTAL</b>	<b>136.401,75 €</b>	- €	- €	- €	- €	- €	<b>136.401,75 €</b>

### Vencemento das débedas ó peche de exercicio 2015:

	Vencimiento en años						TOTAL
	2016	2017	2018	2019	2020	Más de 5	
<b>Deudores a corto plazo</b>	<b>102.346,31 €</b>	- €	- €	- €	- €	- €	<b>102.346,31 €</b>
Otras deudas a corto plazo	102.346,31						102.346,31 €
<b>Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar</b>	<b>699,90 €</b>	- €	- €	- €	- €	- €	<b>699,90 €</b>
Otros acreedores	699,90						699,90 €
<b>TOTAL</b>	<b>103.046,21 €</b>	- €	- €	- €	- €	- €	<b>103.046,21 €</b>

2. Non existen débedas con garantía real.

3. Non houbo impagos de principal ou intereses durante o exercicio.

## 10. Fondos propios

1. A continuación detállanse as achegas ó fondo social ou dotación fundacional realizadas no exercicio, distinguindo as diñeirarias das non diñeirarias e indicando para cada achega os desembolsos pendentes, así como a data de esixibilidade: non existen.

2. Non existen limitacións á dispoñibilidade de reservas. As reservas da entidade teñen as seguintes consideracións: conforme á lei 49/2002, á que a entidade se acolleu é obriga da mesma destinar á realización dos fins de interese xeral polo menos o 70% do resultado das explotacións económicas que realicen e dos ingresos que obteñan por calquer outro concepto minorados nos gastos realizados para a súa obtención. Establécese o requisito de que o importe restante, o que non foi aplicado ós fins de interese xeral, se destine a incrementar a dotación patrimonial ou as reservas das entidades sen fins lucrativos.

## 11. Situación fiscal

### 11.1 Imposto sobre beneficios

a) Réxime fiscal aplicable. Co comezo da aplicación da lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado durante o exercicio 2004 e o acollemento realizado pola entidade ó réxime estipulado no seu título II, a mesma consigue ter unha exención total das súas rendas no imposto sobre sociedades.

Isto se concreta en tódolos tipos de renda que a asociación xera, como os donativos, as cotas de asociados, subvencións recibidas, convenios de colaboración, etc.

Indicación de rendas exentas e non exentas do Imposto sobre Sociedades e criterios de cálculo para a distribución dos gastos.

	Ingresos	Gastos	Resultado - Rentas	Artículo Ley 49/02 (exención)
<b>Cuotas campamentos y terapias y asistencia</b>	18.376,41 €	17.933,07 €	443,34 €	Art. 7 1. d)
<b>Subvenciones</b>	282.500,68 €	282.500,68 €	0,00 €	Art.6. 1º. c)
<b>Cuotas afiliados</b>	3.120,00 €	0,00 €	3.120,00 €	Art.6. 1º. b)
<b>Donaciones y ayudas</b>	46.323,25 €	41.097,36 €	5.225,89 €	Art.6. 1º. a)
<b>Edición revista colaboración</b>	1.346,15 €	744,64 €	601,51 €	Art. 7.9
	351.666,49 €	342.275,75 €	9.390,74 €	

Asemade se indican os cálculos e criterios usados para determinar a distribución dos gastos entre as distintas rendas obtidas pola entidade.

Como norma xeral, os gastos directos relativos a proxectos ou actividades asignáronse polo total do seu importe a cada proxecto ou actividade.

Os gastos indirectos, entendidos aqueles como os que son necesarios para a obtención de varias rendas á vez, repartíronse entre ditas rendas conforme a criterios obxectivos de reparto como a ponderación dos ingresos.

b) Contido da memoria esixida pola lexislación fiscal para gozar da cualificación de entidades sen fins lucrativos ós efectos da Lei 49/2002, de 23 de decembro:

#### Retribución a administradores

Neste apartado da memoria dáse información sobre as retribucións percibidas polos administradores que representen á entidade nas sociedades mercantís en que participa, con indicación das cantidades que foran obxecto de reintegro.

A entidade non participa en ningunha entidade mercantil polo que non existen este tipo de retribucións.

#### Convenios de colaboración empresarial.

Durante o exercicio a entidade non formalizou convenios de colaboración ó amparo da lei 49/2002.

#### Participación en actividades prioritarias de mecenado.

A entidade non participou durante o exercicio en ningunha actividade prioritaria de mecenado.

#### Previsión estatutaria relativa ó destino do patrimonio en caso de disolución.

A entidade no artigo 32º dos seus estatutos recolle que en caso de disolución o patrimonio resultante destinarase na súa totalidade a entidades beneficiarias do mecenado ós efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e que entre os seus fins conste a Atención a Persoas co Síndrome Autista.

c) Diferenzas temporarias e permanente deducibles e impoñibles rexistradas.

### Correccións Permanentes

Descrición	Aumento	Diminución
Réxime fiscal entidades sen fins lucrativos (Lei 49/2002)	342.275,75	351.666,49
<b>Total</b>	<b>342.275,75</b>	<b>351.666,49</b>

### Conciliación resultado contable – base impoñible

<b>Resultado da conta de perdas e ganancias</b>	<b>9.390,74</b>
Corrección por Imposto sobre Sociedades	
<b>Resultado cta. pérd. y ganancias antes I.S.</b>	<b>9.390,74</b>
Corrección resultado contable según requisitos grupo	
Aumento	
Diminución	
Total aumentos	342.275,75
Total diminuciones	351.666,49
<b>Base impoñible</b>	

d) Incentivos fiscais aplicados no exercicio e compromisos asumidos en relación ós mesmos. Non foi adquirido ningún compromiso por incentivos fiscais salvo o disposto na Lei 49/2002.

Ano	Concepto*	Límite	Xerado	Aplicado	Pendente	Límite ano
2015	Doazóns entidades sen fins de lucro 35%		35,00		35,00	2025
	<b>Total</b>		<b>35,00</b>		<b>35,00</b>	

\*Non se recolle un crédito fiscal, estimando como improbable a súa aplicación, en base ó réxime fiscal que aplica a entidade.

e) A entidade mantén abertos a inspección polas autoridades fiscais os catro últimos anos para tódolos impostos que lle son aplicables. Estímase que non existen pasivos fiscais que puideran derivarse de futuras inspeccións por parte das autoridades fiscais para os anos pendentes de verificación que puidesen afectar a estas contas anuais.

### 11.2. Outros tributos

Non existe ningunha circunstancia de carácter significativo, nin continxencia de carácter fiscal, en relación con outros tributos, tendo abertos a inspección tódolos exercicios non prescritos polos mesmos.



### 11.3. Saldos coas administracións públicas

Saldos debedores con administracións públicas	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Hacienda Pública, deudora por subvenciones concedidas	87.368,09 €	81.732,12 €
<b>TOTAL</b>	<b>87.368,09 €</b>	<b>81.732,12 €</b>

Saldos acredores con administracións públicas	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Facenda Pública, acreedora por IRPF	5.072,09 €	4.486,15 €
Organismos da Seguridade Social, acredores	4.786,89 €	3.603,55 €
<b>TOTAL</b>	<b>9.858,98 €</b>	<b>8.089,70 €</b>

## 12. Ingresos e Gastos

O detalle da conta de resultados é o seguinte:

- Desglose da partida da conta de resultados “axudas monetarias”:

Componse da conta (650) axudas monetarias que ten un importe de 0,00 euros (100,00 euros en 2015) coa seguinte división por actividades: 100,00 euros axudas a entidades.

- Desglose da partida da conta de resultados “axudas non monetarias”:

Componse da conta (651) axudas non monetarias individuais que ten un importe de 699,42 euros (0,00 en 2015). Entrega de equipos a profesionais do sector.

• Desglose da partida da conta de resultados “aprovisionamentos”. Componse das seguintes partidas:

Aprovisionamentos	Importe 2016	Importe 2015
Consumo de mercadorías	49.545,16	42.664,24
a) Compras, netas devol. e dto. das que:	48.864,96	42.618,16
- nacionais	48.864,96	42.618,16
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias	680,20	46,08
Consumo de mat. primas e outras mat. consumibles	1.281,20	927,50
a) Compras, netas devol. e dto. das que:	1.281,20	927,50
- nacionais	1.281,20	927,50
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias		

- Desglose da partida da conta de resultados de “Gastos de persoal”.

	<b>2016</b>	<b>2015</b>
Soldos	154.708,44	126.432,91
Indemnizacións	2.069,68	105,81
Seguridade Social	49.804,18	40.142,75
Formación	1.361,76	1.548,00
Outros Gastos	547,85	424,27
<b>Total</b>	<b>208.491,91</b>	<b>168.653,74</b>

- Desglose da partida da conta de resultados de “Outros gastos da actividade”.

<b>Concepto</b>	<b>2016</b>	<b>2015</b>
Arrendamentos	5.286,39	3.835,58
Reparacións e conservación	15.381,95	17.418,05
Profesionais independentes	16.782,72	19.456,86
Transportes	0,00	0,00
Seguros	1.583,85	1.367,07
Servizos bancarios	788,79	880,44
Publicidade e RRPP	7.529,96	3.208,58
Suministros	4.581,31	4.820,21
Outros servizos	10.317,72	6.776,06
Outros tributos	17,71	0,00
<b>Total</b>	<b>62.270,40</b>	<b>57.762,85</b>

- Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións:

Conta	Importe exercicio 2016	Importe exercicio 2015
Ingresos de promocións		
Ingresos de patrocinadores		
Ingresos de colaboracións	32897,56	30246,34
<b>TOTAL</b>	<b>32.897,56 €</b>	<b>30.246,34 €</b>

- Non existen ventas de bens nin prestación de servizos producidos por permuta de bens non monetarios

### 13. Subvencións, doazóns e legados

As actividades e servizos desenvolvidos mediante este financiamento coinciden plenamente cos fins da entidade e coas condicións asociadas a estas subvencións, doazóns e concertos.

A Xunta Directiva considera cumpridas as condicións esixidas polas distintas convocatorias e convenios polo que cualifica as distintas subvencións como non reintegrables.

a) O importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidos que aparecen no balance (exercicio 2016), así como os imputados na conta de resultados detállase a continuación:

Entidade concedente e elemento adquirido coa subvención ou doazón	Ano concesión	Período de aplicación	Importe	Imputado a Resultados ata comezo do exercicio	Imputado ó Resultado do exercicio	Total imputado a Resultados	Pendente de imputar a resultados
Xunta Consellería Sanidade	2016	2016	10.607,00	0,00	10.607,00	10.607,00	0,00
Xunta Mantemento	2016	2016	155.044,00	0,00	155.044,00	155.044,00	0,00
Sanidade Actividades	2016	2016	6.973,20	0,00	6.973,20	6.973,20	0,00
Xunta Programas Cooperación	2015	2015/2016	17.192,89	141,86	17.051,03	17.192,89	0,00
Xunta Programas Cooperación	2016	2016/2017	17.194,44	0,00	95,52	95,52	17.098,92
Xunta Axentes Emprego	2015	2015/2016	52.976,16	11.257,43	41.718,73	52.976,16	0,00
Xunta Axentes Emprego	2016	2016/2017	52.976,16	0,00	11.257,43	11.257,43	41.718,73
Deputación A Coruña Actividades	2016	2016	4.193,86	0,00	4.193,86	4.193,86	0,00
Concello de Santiago	2016	2016	1.396,75	0,00	1.396,75	1.396,75	0,00
Ministero Asuntos Sociales CAE	2016	2017	28.200,00	0,00	0,00	0,00	28.200,00
Ministero Asuntos Sociales CAE	2015	2016	26.500,00	0,00	26.500,00	26.500,00	0,00
<b>TOTAL</b>					<b>274.837,52</b>		<b>87.017,65</b>

Minoráronse as contías concedidas inicialmente de subvencións por non execución total por importes: Xunta programas de Cooperación 16/17 472,56 euros. Reintegráronse 857,55 euros por diferenzas na xustificación de subvención de cooperación de exercicios anteriores.

O importe das doazóns de persoas físicas e xurídicas durante o 2016 destinadas a financiar as diferentes actividades desenvolvidas para os seus beneficiarios foi de 5.225,89€

b) O importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidos que aparecen no balance (exercicio 2015), así como os imputados na conta de resultados detállase a continuación:

Entidade concedente e elemento adquirido coa subvención ou doazón	Ano concesión	Período de aplicación	Importe	Imputado a Resultados ata comezo do exercicio	Imputado ó Resultado do exercicio	Total imputado a Resultados	Pendente de imputar a resultados
Xunta Consellería Sanidade	2015	2015	10.607,00	0,00	10.607,00	10.607,00	0,00
Xunta Mantemento	2015	2015	123.061,00	0,00	123.061,00	123.061,00	0,00
Sanidade Rahabilitación	2015	2015	6.665,03	0,00	6.665,03	6.665,03	0,00
Xunta Programas Cooperación	2015	2015/2016	17.193,00	0,00	141,86	141,86	17.051,14
Xunta Programas Cooperación	2014	2014/2015	16.855,68	1.264,15	15.591,53	16.855,68	0,00
Xunta Axentes Emprego	2015	2015/2016	52.976,16	0,00	11.257,43	11.257,43	41.718,73
Xunta Axentes Emprego	2014	2014/2015	52.976,16	10.863,08	42.113,08	52.976,16	0,00
Deputación A Coruña Actividades	2015	2015	3.497,93	0,00	3.497,93	3.497,93	0,00
Concello de Santiago	2015	2015	1.400,00	0,00	1.400,00	1.400,00	0,00
Ministero Asuntos Sociales CAE	2014	2015	17.000,00	0,00	17.000,00	17.000,00	0,00
Ministero Asuntos Sociales CAE	2015	2016	17.000,00	0,00	0,00	0,00	17.000,00
<b>TOTAL</b>					<b>231.334,86</b>		<b>75.769,87</b>

Minoráronse as contías concedidas inicialmente de subvencións por non execución total por importes: Xunta programas de Cooperación 14/15 811,32 euros. Reintegráronse 228,04 euros por diferenzas na xustificación de subvención de cooperación de exercicios anteriores.

O importe das doazóns de persoas físicas e xurídicas durante o 2015 destinadas a financiar as diferentes actividades desenvolvidas para os seus beneficiarios foi de 2.000,00€

c) A análise do movemento das subvencións de capital contida na subgrupo correspondente do balance, indicando o saldo inicial e final así como os aumentos e diminucións desglósanse no seguinte cadro:

<b>Movemento</b>	<b>Importe 2016</b>	<b>Importe 2015</b>
Saldo ó inicio do exercicio	313.210,44	314.075,70
(+) Recibidas no exercicio	269.945,82	244.880,09
(+) Conversión débedas lp en subvencións		
(+) Outros movementos		
(-) Subvencións traspasadas resultado exercicio	285.668,90	245.745,35
(-) Importes devoltos		
(-) Outros movementos		
Saldo ó peche do exercicio	297.487,36	313.210,44

#### 14. Datos Actividade. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.

##### 14.1 Actividade da entidade

O desglose das actividades da entidade no seu cumprimento de fins no exercicio 2016 recóllese na táboa adxunta:

	Actividade
	<b>Asistencia Social</b>
<b>Medios de financiamento</b>	351.666,49
Cotas afiliados	3.120,00
Cotas usuarios	18.206,08
Subvencións e doazóns	295.926,37
Outros	34.414,04
<b>Recursos económicos empregados</b>	342.275,75
Gastos por axudas e outros	2.332,09
Gastos de persoal	208.491,91
Amortizacións	16.581,81
Outros gastos da actividade	113.097,02
Gastos financeiros	1.772,92
Resto de gastos	0,00
<b>Inversións</b>	
Inversións	0,00
<b>Recursos Humanos</b>	
Persoal asalariado	6,95
Persoal contrato servizo	-
Persoal Voluntario	5
<b>Beneficiarios</b>	
Persoas físicas	3.944
Persoas xurídicas	13

##### 14.2 Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.

En virtude do establecido no artigo 3º, apartado 2º da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, se informa neste apartado do cumprimento do destino de rendas e ingresos.

Segundo a citada normativa, a entidade deberá destinar, á realización dos seus fins de interese xeral, polo menos o 70 por 100 das seguintes rendas e ingresos:

- a) As rendas das explotacións económicas que desenvolvan.
- b) As rendas derivadas da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade. No cálculo destas rendas non se incluírán as obtidas na transmisión onerosa de bens inmobles nos que a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou

finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión sexa reinvestido en bens e dereitos nos que concorra dita circunstancia.

c) Os ingresos que obteñan por calquer outro concepto, deducidos os gastos realizados para a obtención de tales ingresos. Os gastos realizados para a obtención de tales ingresos poderán estar integrados, no seu caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, en canto que contribúan á obtención dos ingresos, excluíndo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios ou do obxecto da entidade sen fins lucrativos. No cálculo dos ingresos non se incluírán as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial no momento da súa constitución ou nun momento posterior.

A entidade deberá destinar o resto das rendas e ingresos a incrementar a dotación patrimonial ou as reservas.

O prazo para o cumprimento deste requisito será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se teñan obtido as respectivas rendas e ingresos e os catro anos seguintes ó peche de dito exercicio.

A entidade non posúe bens que non estean afectos a fins fundacionais o 31 de decembro de 2016, nin realizou inversións produtivas netas consideradas como computables a efectos de consideralas afectas a fins fundacionais ó 31 de decembro de 2016.

O detalle das rendas e ingresos destinados á consecución dos fins propios da entidade no último ano, de acordo coa Lei 49/02, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e mecenado e o seguinte:

1. Grado de cumplimiento del destino de rentas e ingresos:

Ejercicio	DESTINO Y APLICACIÓN DE RENTAS E INGRESOS A FINES													
	EXCEDENTE DEL EJERCICIO	AJUSTES NEGATIVOS	AJUSTES POSITIVOS	BASE DE CÁLCULO	RENDA A DESTINAR		RECURSOS DESTINADOS A FINES (GASTOS + INVERSIONES)	APLICACIÓN DE LOS RECURSOS DESTINADOS EN CUMPLIMIENTO DE SUS FINES					IMPORTE PENDIENTE	
					Importe	%		2012	2013	2014	2015	2016		
2012	-9.961,55 €	0,00 €	342.416,42 €	332.454,87 €	232.718,41 €	70%	342.416,42 €	342.416,42 €						0,00 €
2013	-941,93 €	0,00 €	289.539,09 €	288.597,16 €	202.018,01 €	70%	289.539,09 €		289.539,09 €					0,00 €
2014	4.193,79 €	0,00 €	278.314,64 €	282.508,43 €	197.755,90 €	70%	278.314,64 €			278.314,64 €				0,00 €
2015	9.372,52 €	0,00 €	288.238,77 €	297.611,29 €	208.327,90 €	70%	288.238,77 €				288.238,77 €			0,00 €
2016	9.390,74 €	0,00 €	342.275,75 €	351.666,49 €	246.166,54 €	70%	341.556,92 €					341.556,92 €		0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.053,57 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>#####</b>	<b>1.552.838,24 €</b>	<b>#####</b>		<b>1.540.065,84 €</b>	<b>342.416,42 €</b>	<b>289.539,09 €</b>	<b>278.314,64 €</b>	<b>288.238,77 €</b>	<b>341.556,92 €</b>		<b>0,00 €</b>

2. Recursos aplicados en el ejercicio:

1. Gastos en cumplimiento de fines	IMPORTE			TOTAL
Gastos de las actividades propias	325.693,94			325.693,94
2. Inversiones realizadas en la actividad propia en el ejercicio	Fondos propios	Subvenciones, donaciones y legados	Deuda	
2.1. Realizadas en el ejercicio	0,00	0,00	0,00	0,00
2.2. Procedentes de ejercicios anteriores				
a) Deudas canceladas en el ejercicio incurridas en ejercicios anteriores			0,00	0,00
b) Imputación de subvenciones, donaciones y legados de capital procedentes de ejercicios anteriores		15.862,98		15.862,98

## 15. Operacións con partes vinculadas.

A Federación obtivo das súas entidades asociadas, por partes iguais, as cotas de afiliación por importe de 3.120,00 €, sen que estas teñan unha contrapartida directa, pero que permiten a participación na determinación xeral das actividades realizadas pola Federación.

A Federación recibiu servizos de apoio en asistencia e accións formativas realizadas e prestou servizos de campamentos co seguinte detalle:

	Importe	Saldo
Fundación Menela	1.500,00	0,00
APA Fundación Menela	1.500,00	0,00
APA Centro Navas	1.500,00	0,00
Fundación Autismo Coruña	1.500,00	0,00
Asoc. ASPANAES	11.500,00	0,00
APA Os Mecos	1.500,00	0,00
Fundación Tutelar Camiño do Miño	1.500,00	0,00
Asoc. Trascos	1.500,00	0,00
Asoc. Capaces	1.500,00	0,00
Asoc. APACAF	1.500,00	0,00
Asoc. Autismo Vigo	1.500,00	0,00
Asoc. Un Mais	1.500,00	0,00
Asoc. Galega Asperger	1.500,00	0,00
TOTAL	29.500,00	0,00

A Federación realizou servizos de apoio de asistencia social e de emprego as súas entidades membro co seguinte detalle:

	Importe	Saldo 31.12
Fundación Menela	4.876,00	0,00
Asoc. ASPANAES	230,00	0,00
TOTAL	4.632,08	0,00

Por outro lado a Xunta Directiva non percibe retribucións polo exercicio das súas funcións e no presente exercicio no se teñen producido compensacións de gastos.

## 16. Outra información

- A composición da Xunta Directiva electa na Asemblea Xeral Extraordinaria do 19 de xullo de 2014, vixente nestes momentos é a que segue:

PRESIDENTE:	D. Antonio da Iglesia Soriano	DNI 32.449.554-G
SECRETARIO:	D. Jose Manuel Varela Rodríguez	DNI 36.057.179-X
TESOUREIRO:	D. Cipriano Luís Jimenéz Casas	DNI 35.195.099-Q

- A continuación detállase a plantilla media de traballadores, agrupados por categorías dos exercicios 2016 e 2015:

**DESGLOSE EJERCICIO 2016**

<b>Categoría</b>	<b>Persoal</b>
TITULADO SUPERIOR	2,00
TITULADO MEDIO	2,72
COIDADADOR	0,23
ADMINISTRATIVO XEFE SUPERIOR	1,00
DIRECTOR	1,00
<b>Total</b>	<b>6,95</b>

**DESGLOSE EJERCICIO 2015**

<b>Categoría</b>	<b>Persoal</b>
DIRECTOR - XERENTE	0,75
TITULADO SUPERIOR	2,00
TITULADO MEDIO	1,54
COIDADADOR	0,24
ADMINISTRATIVO XEFE SUPERIOR	1,00
<b>Total</b>	<b>5,53</b>

- A distribución por sexos ó fin do exercicio 2016 e 2015 do persoal da entidade así como do órgano de goberno, desglosado nun número suficiente de categorías e niveis é o seguinte:

**DESGLOSE EJERCICIO 2016**

<b>Categoría</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
TITULADO SUPERIOR		2
TITULADO MEDIO		3
ADMINISTRATIVO XEFE SUPERIOR		1
DIRECTOR		1
XUNTA DIRECTIVA	3	
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>6</b>

**DESGLOSE EJERCICIO 2015**

<b>Categoría</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
DIRECTOR - XERENTE		1
TITULADO SUPERIOR		2
TITULADO MEDIO		2
ADMINISTRATIVO XEFE SUPERIOR		1
XUNTA DIRECTIVA	3	
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>6</b>

- A entidade non ten concedidos anticipos ou créditos e non ten asumido obrigas por conta do persoal do equipo de dirección e dos membros antigos ou actuais da Xunta Directiva a título de garantía. Asemade a entidade non ten contratadas obrigas en materia de pensións e de seguros de vida con respecto ó persoal do equipo de dirección e os membros antigos ou actuais da Xunta Directiva.

- Retribucións ó persoal de alta dirección: 28.133 euros (salarios)



- A 31 de decembro de 2016, a entidade non mantén saldos debedores ou acredores cos membros da Xunta Directiva nin co persoal do equipo de dirección.

- Información sobre o grao de cumprimento do Código de Conduta das entidades sen fins lucrativos para a realización das inversións financeiras temporais:

A entidade guíase para as súas Inversións Financeiras Temporais polo Código de Conduta das Entidades sen Ánimo de Lucro da Comisión Nacional do Mercado de Valores de 20 de novembro de 2003 dende o ano 2004 dun modo formal e efectivo.

A efectos do disposto neste Código, a entidade realiza inversións temporais conforme o Plan Xeral de Contabilidade (RD 1491/2011 e RD 1515/2007). Igualmente ten establecidos sistemas de selección e xestión proporcionados ó volume e natureza das inversións financeiras temporais que se realizan, de tal forma que se valora a seguridade, liquidez e rendibilidade das diferentes posibilidades de inversión.

Co fin de preservar a liquidez das súas inversións a entidade só efectúa as súas inversións temporais en valores negociados en mercados secundarios oficiais.

Non é propósito da entidade facer un uso especulativo dos recursos financeiros, por tanto, non realiza operacións nos mercados de futuros e opcións, nin operacións intradía nin venta de valores tomados en préstamo ó efecto.

O órgano de goberno revisa periodicamente as Inversións Financeiras da entidade e o seguimento dos principios de seguridade, rendibilidade, liquidez e non especulación e a partir do 2004 tutela a aplicación do Código de Conduta nas súas reunións.

- No se teñen producido feitos acaecidos con posterioridade ó peche do exercicio, e que ademais foran a afectar as contas anuais pechadas o 31 de decembro.

## **17. Información sobre medio ambiente e dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.**

### 1. Información sobre medio ambiente

Os abaixo asinantes, como administradores da Federación citada, manifestan que na contabilidade correspondente ás presentes contas anuais NON existe ningunha partida de natureza medioambiental que deba ser incluída na Memoria conforme as indicacións da terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade (RD 1514/2007, de 16 de novembro).

### 2. Dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

Durante o exercicio actual e exercicio anterior, no se produciu ningún movemento na partida de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

**18. Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición Adicional Terceira. “Deber de información” da Lei 15/2010, de 5 de xullo.**

A continuación detállase o importe total de pagos realizados ós provedores no exercicio (distinguindo os pagos que excederon os límites legais de aprazamento) así como o saldo pendente destes pagos que, a data de peche do exercicio, acumulan un aprazamento superior ó prazo legal de pago:

	Exercicion 2016 nº días	Exercicio 2015 nº días
Período medio de pago a provedores	8,94	16,28

## FORMULACIÓN DE CUENTAS ANUALES DE PYMESFL

En cumplimiento de la normativa mercantil vigente, la Junta Directiva de la Federación Autismo Galicia, formula las Cuentas Anuales de Pymesfl correspondientes al ejercicio anual terminado el 31 de diciembre de 2016 que se componen de las adjuntas hojas número 1 a 34.

En Santiago, a 31 de marzo de 2017.

Cargo	Nome e Apellidos	DNI	Sinatura
PRESIDENTE	D. Antonio da Iglesia Soriano	32.449.554-G	
SECRETARIO	D. Jose Manuel Varela Rodríguez	36.057.179-X	
TESOUREIRO	D. Cipriano Luís Jiménez Casas	35.195.099-Q	

:

: